

XUNTA DE GALICIA



galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN "COORDINADORA PARA O ESTUDO DOS MAMÍFEROS MARIÑOS-CEMMA", PARA A ASISTENCIA, RECUPERACIÓN E ESTUDO DOS RÉPTILES (TARTARUGAS) E MAMÍFEROS MARIÑOS VARADOS NO LITORAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE POLÍTICA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E INTERMEDIARIAS
DATA DE ENTRADA: 26 FEB. 2018
REGISTRO DE CONVENIOS

En Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, representada por Beatriz Mato Otero, de acordo co Decreto 148/2016, do 13 de novembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Asociación "Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños-CEMMA" (NIF G15400500) representada por José A. Martínez Cedeira, presidente da citada Asociación, designado en virtude de nomeamento por votación dos socios de data 22 de outubro de 2016.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN


PRIMEIRO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente segundo o artigo 27.30 do Esta-



1

Santiago, 19 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araujo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

tuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 149.1.23 da Constitución Española e co Real decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias e competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983, do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación das funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de agricultura, pesca e conservación da natureza.

En concordancia con isto, a Lei 9/2001, do 21 de agosto de conservación da Natureza, no seu artigo 44, determina que será a Xunta de Galicia quen adopte as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna silvestres que viven en Galicia.

Así, de conformidade con isto, o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (en adiante CMAOT) atribúelle a este órgano da Administración autonómica, as competencias e funcións en materia de ambiente e conservación da natureza.

SEGUNDO. Que a Asociación "Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños" (en adiante CEMMA) é unha organización sen ánimo de lucro de ámbito galego, inscrita no Rexistro de Asociacións e no Rexistro Galego de Entidades Ambientais de Galicia, que ten entre os seus fins, o fomento de accións que leven consigo a conservación das tartarugas e mamíferos mariños. En consonancia con este fin, a asociación ven participando e colaborando activamente desde 1999 na asistencia aos animais varados na costa galega e na recuperación de exemplares feridos.

"CEMMA" está constituída por socios individuais e socios colectivos entre eles: ERVA, Asociación Naturalista do Baixo Miño (ANABAM), Asociación Galega para a Defensa Ambiental de Galicia (ADEGA), Hábitat e o Colectivo Ecoloxista do Salnés.


Asemade é membro fundador da Sociedade Español de Cetáceos e membro de European Cetacea Society. Está integrada no Plan de voluntariado de Galicia desde 2003 e foi decla-



2

Santiago, 19 FEB. 2018.

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

rada asociación de utilidade pública en 2010 (DOG nº 212, do 4 de novembro de 2010).

A Asociación "CEMMA" ademais de dispor de dúas unidades móbiles para a atención dos exemplares varados, conta cun establecemento veterinario destinado en exclusividade á atención e tratamento de réptiles e mamíferos mariños, localizado no concello de Nigrán (Pontevedra) e inscrito no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en catividade de Galicia.

Coordinadora para o
Estado dos
Mamíferos Mariños
NIF: G15600360

As características morfolóxicas dos réptiles e mamíferos mariños, a inclusión de moitos deles no listado de especies en réxime de protección especial e no Catálogo de español de especies ameazadas, así como a distribución dispersa dos varamentos ao longo da costa galega son factores que determinan que sexa preciso contar con experiencia na manipulación e tratamento dos exemplares ademais de dispor de instalacións axeitadas e destinadas en exclusivo ao tratamento deste tipo de animais co fin de evitar contaminacións cruzadas, así como de suficiente persoal cualificado e comprometido, ben a través de persoal propio ou de voluntariado, para a súa atención, características coas que cumpre a Asociación "CEMMA" á vista da súa traxectoria na asistencia aos animais varados e de recuperación de exemplares feridos destas especies e a dispoñibilidade en réxime de exclusividade das infraestruturas e medios necesarios para desenvolver estas actuacións.

A Asociación "CEMMA" cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMAOT e a Asociación "CEMMA" establecen o presente convenio con acordo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO


É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Asociación "CEMMA" para a asistencia veterinaria e recuperación dos réptiles, en especial das tartarugas mariñas, e mamíferos mariños varados no litoral de Galicia, así como para a recompilación de mos-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

3

Santiago, 19 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

tras e estudo das causas de morte destes animais.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN "CEMMA"

A Asociación "CEMMA" comprométese a:

1º. Comunicar á CMAOT a detección dos episodios de varamentos das tartarugas e mamíferos mariños ou con risco de varar, que ocorran nas costas de Galicia durante a vixencia do presente convenio.

2º. Prestar asistencia aos animais varados vivos destas especies e proporcionarlles os primeiros auxilios e atención de emerxencia na costa, así como o tratamento veterinario, hospitalización, coidados e alimentación durante a súa recuperación así como contribuír, de ser preciso, a súa reintrodución ao mar.

3º. Determinar, de ser factible, a causa de morte dos exemplares varados, de ser o caso, mediante os exames post-mortem e/ou a recollida de mostras necesarios, que deberán ser suficientes para a determinación da causa.

4º. Desenvolver todas as prácticas recollidas neste convenio consonte á normativa en materia de sanidade, benestar e transporte animal e nas guías de boas prácticas e estándares nacionais e internacionais de recuperación e tratamento veterinario das tartarugas e mamíferos mariños.

5º. Proporcionar á CMAOT toda a información relativa ás actuacións desenvolvidas no marco deste convenio, coa periodicidade e de acordo cos requirimentos e modelos que se determinarán por parte do persoal técnico da CMAOT, co obxecto de estandarizar a recollida da información para o seu tratamento posterior. En especial, comprométese a proporcionar copia de todas as fichas clínicas e calquera outra información relativa aos tratamentos veterinarios e terapias aplicadas sobre os animais durante as fases de tratamento e recuperación, así como dos informes das necropsias efectuados, de ser o caso.

6º. Gardar a confidencialidade debida en relación coas actividades incluídas no presente convenio, non podendo ser difundida a información derivada das actuacións realizadas nin entregada ou cedida para uso de terceiros, sen a previa autorización expresa da CMAOT.

CEMMA
Coordinadora para o
Estudo dos
Mamíferos Mariños
NIF: G15400500




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

4

Santiago, 19 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

7º. Facer constar expresamente a colaboración coa CMAOT en todos os anuncios e documentos que se elaboren relacionados coas actividades deste convenio.

8º. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CMAOT en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.

9º. Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CMAOT

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:


1º. Deseño e supervisión das propostas de accións encamiñadas a prestar asistencia e recuperación das tartarugas e mamíferos mariños que varen nas costas de Galicia, en especial as relativas á reintrodución no medio natural dos exemplares recuperados.

2º. Financiar as actividades definidas no convenio.

CUARTA.- FINANCIAMENTO


A CMAOT achegará á finalidade deste convenio a cantidade de oitenta mil euros (80.000 €), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e coa seguinte distribución por anualidades que se indica a continuación

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2018	Anualidade 2019
07.03.541B.481.0	40.000,00 €	40.000,00 €



Santiago, 19 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

QUINTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a Asociación "CEMMA", na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante a CMAOT a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMAOT, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle á CMAOT a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.


En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a Asociación "CEMMA" asume como beneficiaria as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a CMAOT o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables, de acordo co recollido no anexo deste convenio, e se realicen durante o período de vixencia do presente convenio.

Santiago, 19 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

De acordo co establecido nos artigos 62 e 65.4f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectúranse os pagamentos do seguinte xeito:

- Pagamento parcial dos gastos realizados pola Asociación "CEMMA", sendo preciso que antes do 16 de xullo de cada ano de vixencia do convenio (2018 e 2019), respectivamente) a Asociación achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

No pagamento parcial que se realice en 2019 incluíranse os gastos realizados desde o 16 de decembro de 2018.

- Pagamento final unha vez xustificadas os gastos comprensivos do resto do importe do convenio para cada ano 2018 e 2019, respectivamente. Para estes efectos, antes do 15 de decembro de cada ano de vixencia do convenio (2018 e 2019, respectivamente), a Asociación achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas a partir do 16 de xullo de cada ano de vixencia do convenio (2018 e 2019, respectivamente).

2º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

3º. Comunicar á CMAOT, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA: Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

7

Santiago,

19 FEB, 2018

Asdo. Manuel Araújo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

4º. Reintegrar á CMAOT, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA.- REAXUSTES DAS CANTIDADES ASIGNADAS

Os compromisos de gasto plurianuais recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula cuarta deste instrumento e, sempre que, non aumente o seu número de anualidades, para acompasalos ao óptimo desenvolvemento do convenio e a consecución dos obxectivos fixados, sen que esta redistribución necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio rexerase polo previsto na cláusula novena.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por dous representantes de ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións deste convenio.


Esta comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A comisión de seguimento poderá, á vista do ritmo de execución do convenio, e para cada anualidade, acordar á redistribución das cantidades asignadas no anexo deste convenio "Gastos de natureza subvencionable" co obxectivo de acadar o desenvolvemento óptimo do convenio e a consecución dos seus obxectivos.

A citada comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

Santiago, 19 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

OITAVA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 e manterá a súa vixencia ata o 15 de decembro 2019.

NOVENA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

DÉCIMA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscripción do mesmo.

UNDÉCIMA.- NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE


Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estara-se ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.


DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto



Santiago, 19 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araujo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

DÉCIMO TERCEIRA.- RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquer outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO CUARTA.- TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE GASTO


Este convenio tramítase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2018 e 2019.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

A conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio


Beatriz Mato Otero


O presidente da Asociación "CEMMA"


Jose A. Martínez Cedeira
CEMMA
Coordinadora para o
Estudo dos
Espazos Marinos
NIF: G15400800

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 19 FEB. 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



XUNTA DE GALICIA



galicia

ANEXO

GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE

1.- Gastos derivados da recollida de información e/ou elaboración de informes: Rexistro e elaboración fichas varamento, elaboración historias clínicas, elaboración informes de necropsia, gastos de persoal e de desprazamento e traslados tanto do persoal veterinario e rehabilitador como dos animais para a súa reintrodución ao medio natural ou entre centros de rehabilitación/hospitalización:

A contía máxima por este concepto será para cada anualidade de:

Anualidade	Anualidade
2018	2019
24.200 €	24.200 €

2.-Gastos derivados da asistencia e tratamento dos animais varados: gastos de medicación veterinaria e doutros produtos necesarios para a atención do animal varado, probas diagnósticas, gastos derivados do funcionamento e mantemento das instalacións que sexan necesarios para a asistencia e tratamento aos animais.

O importe máximo destinado a esta actividade será para cada anualidade.

Anualidade	Anualidade
2018	2019
11.000 €	11.000 €

3.- Gastos de alimentación subministrada aos animais asistidos.

O importe máximo destinado será para cada anualidade:

Anualidade	Anualidade
2018	2019
800 €	800 €




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

11

Santiago, 19 FEB 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda



XUNTA DE GALICIA




galicia

4.- Gastos da realización exames post-mortem dos animais falecidos e toma das mostras necesarias.

O importe máximo destinado será para cada anualidade:

Anualidade 2018	Anualidade 2019
4.000 €	4.000 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA: Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 19 FEB 2018

Asdo.: Manuel Araújo Moreda